



Guy Debord e Alice Becker -Ho

# O fórceps do espectáculo

**A vangarda da presenza e outros escritos colectivos situacionistas**

· Edición de Xesús González Gómez  
· Edicións Laiovento · 209 páx. ·  
20 euros

Finalmente, as arestas da lucidez situacionista só lles permitiron entornar a profundidade do pozo no que a teoría e praxe e os propios militantes do movemento deron en caer. A imposibilidade de evitar o fórceps do espectáculo concluíu na recuperación da aventura político-artística comandada por Guy Debord: a dura man da institución arramplou a experiencia clandestina. “Quanto a mim, sem dúvida vivi como disse que debería viver-se; e isto talvez haja sido aínda mais estranho entre as persoas do meu tempo”, defendíase Debord no *Panegírico*. Pero a rectitude vital do autor d’*A sociedade do espectáculo* non impediu que a penúltima tentativa de realizar o mandato surrealista –unir Marx e Rimbaud– entrase nos museos so a etiqueta de –ismo, aquela contra a que tan violenta e razoadamente arremeteron (vid. *A vangarda da presenza...*).

En calquera caso, os situacionistas eran algo máis que Guy Debord. A partir dese axioma teceu Xesús González Gómez a escolla e tradución de textos que edita Laiovento. No axuste de contas que emprende X.G.G. coa corrente no documentado limiar, o editor advirte de que se deixou “para a outra ocasión unha escolma de textos máis políticos”. Para os membros da I.S. –nunca

excederon os cincuenta–, porén, abrogar a distancia entre arte e vida resultaba irrenunciábel. Aborrecían fundamente o debate arredor de “arte e / vs. compromiso” quizais porque na súa experiencia alegal e allea aos focos, a acción política consistía na mera existencia.

Que Ève Chiapello e Luc Boltanski sinalen, n’*O espírito do novo capitalismo*, as coincidencias entre o léxico situacionista e as estratexias de mercadotecnia dalgunha empresa trasnacional convoca á inquietude: Slavoj Žižek explica que en Wall Street len Karl Marx con atención para enxergar o funcionamento do capitalismo serodio.

Certo mesianismo, certa pretensiosidade retórica, desencadran a impugnación total do estado de cousas que realizaron Debord, Vaneigem, Jorn. Mais as estratexias de diagnóstico seguen a resultar útiles: apoiarse en H.Lefebvre e así revelar a miseria dos días en relación ao modo de produción, o condicionamento do urbanismo, o proceso de subxectivización do materialismo histórico –no fondo, da mesma familia que a de Trotsky, a de Luxemburgo, a de Lukács– a potencialidade subversiva do lúdico, ou prever a armazón do que Paolo Virillio denomina pantalla hipermediática, fan parte das esculcas situacionistas nas marxes do discurso hexemónico e ao servizo da idea de emancipación.

// Daniel Salgado



Os situacionistas aborrecían o debate arredor de “arte e / vs compromiso”, talvez porque na súa experiencia a acción política consistía na mera experiencia